

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE
FORCAREI PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE
PATINAXE EN 2026**

En Pontevedra, na data da sinatura dixital,

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, quen actúa en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34.1.b da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Da outra, Belén Cachafeiro Anta, alcaldesa do Concello de Forcarei, no exercicio das competencias atribuídas nos apartados 1 e 4 do artigo 124 da LRBRL.

Dá fe do acto Beatriz del Cerro del Río, secretaria da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, de acordo cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,

EXPOÑEN QUE

Primeiro. Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Segundo. No artigo 36.d da LRBRL dispónse que lles corresponderá ás deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de



Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LDG), e nos termos dispostos nesta lei, na lexislación de réxime local e na lexislación sectorial do Estado, as deputacións provinciais exercerán as seguintes competencias no seu correspondente ámbito territorial:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Cuarto. No artigo 8 da LDG dispónse que os municipios, dentro das competencias que exercen no seu ámbito territorial está a de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar. Por outra banda, no artigo 29 sinalase que as administracións deportivas de Galicia —no ámbito das súas respectivas competencias e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas— facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e a ocupación activa do tempo de lecer.

Quinto. No artigo 22.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra dispónse que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do Orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, no que se incluía unha subvención nominativa ao Concello de Forcarei (P-36 01 800-J) por un importe de mil novecentos setenta e cinco euros (1.975,00 €).



Sexto. Debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e deben incluír, como mínimo, os asuntos recollidos no artigo 15.6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra. Ademais, tamén debe recollerse que a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial non será superior ao 20 %.

Sétimo. O Servizo de Deportes, como órgano instructor, emitiu un informe no que se acredita que o expediente de petición de subvención reúne os requisitos recollidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e a Intervención informa favorablemente a fiscalización previa á concesión da subvención.

Oitavo. Deste xeito, para que as dúas entidades cumpran os seus fins e obxectivos e así garantir o acceso en igualdade á practica deportiva da poboación da provincia de Pontevedra, e co principal obxectivo de mellorar a súa condición física e a ocupación activa do tempo de ocio,

ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei para o financiamento dos gastos derivados das Escolas Deportivas de Patinaxe (en diante aparecerá denominado como “convenio”), o cal estará suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento de 2026 da Deputación de Pontevedra ao Concello de Forcarei coa finalidade de financiar os gastos derivados das escolas deportivas que se leven a cabo desde o 9 de xaneiro ao 19 de xuño de 2026.



Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente nos orzamentos de 2026 da Deputación de Pontevedra ao Concello de Forcarei e aboar o importe de 1.975,00 €, condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos estipulados nel.

Terceira. Obrigas da entidade

O Concello de Forcarei comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Realizar a actividade conforme a normativa vixente.
- Asumir todas as responsabilidades que se puidesen derivar da realización e organización das actividades.
- Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e mais o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación do órgano concedente ou da entidade colaboradora, no seu caso, así coma calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar tanta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e contas conforme a lexislación vixente na materia.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.

Cuarta. Crédito orzamentario, orzamento, contía e coeficiente de financiamento

A concesión da subvención imputarase á aplicación orzamentaria 26/340.3410.462.01.

O importe da subvención ten unha contía de 1.975,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 100 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado pola entidade por un importe de 1.975,00 €, IVE incluído, e que se achega no anexo I.

Orzamento	Subvención concedida	Coeficiente de financiamento
1.975,00 €	1.975,00 €	100 %

Quinta. Compatibilidade e incompatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Conforme o disposto no artigo 19.3 da LXS e no 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes.



Sexta. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima. Procedemento de xustificación e pago

A entidade beneficiaria da subvención deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. O prazo de presentación das xustificacións finalizará transcorridos tres meses desde a data da sinatura do convenio.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- **Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos**

Na xustificación de gastos, relacionaranse no anexo II os conceptos de gastos presentados coa solicitude por un importe igual ou superior ao orzamento presentado.

- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento presentado coa solicitude, aboarase a parte proporcional da subvención.
- En caso de necesitar relacionar máis gastos, utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (anexo III).

Na xustificación de ingresos, relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade ou o investimento subvencionado non superaron o importe total dos gastos para a devandita actividade. No caso de superávit, será motivo de reintegro, co límite da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra.

- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
- **Memoria descriptiva** na que se detallen as actividades que se levaron a cabo.



Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar pagados ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. En caso de que a entidade non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.
- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900,00 €) implicará que este se considere non subvencionable.
- En caso de entidades que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.
- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio de expediente de perda do dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Oitava. Entrada en vigor e vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata o 30 de xuño, mes no que remata a actividade. En calquera caso, os efectos económicos do convenio estarán vixentes ata a aprobación do procedemento de xustificación da subvención e do control financeiro.



Novena. Extinción e efectos da resolución dos convenios

Este acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da LRXSP; en particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Décima. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Perderase o dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes casos:

- Se se incumpren as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Se se incumple a obriga de presentar a xustificación nos termos establecidos.
- Demais causas establecidas na normativa de subvencións.

Décimo primeira. Control financeiro

A entidade beneficiaria, de acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249 do 30 de decembro de 2016, estará suxeito ao control financeiro que se poida exercitar no prazo de catro anos, contados desde o pago da subvención, e indicaráselle que, en caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios, independentemente do importe destes.

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar todos os gastos finais resultantes dos gastos subvencionables do anexo II presentado coa solicitude, así como o resto de gastos que a entidade estime imputables á tempada (posibles gastos que non se reflecten no anexo II).

Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos; en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme a lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser



de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. Remisión ao Tribunal de Contas

As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas, en cumprimento do establecido no artigo 53 da LRXSP e na Resolución do 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos formalizados polas entidades do sector público local, todo isto no prazo e na forma establecidos para o efecto.

Décimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



Décimo cuarta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no capítulo VI do título preliminar da LRXSP.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, aplicarase o disposto no propio acordo e, na súa falta, na LRXSP, na LSG, na LXS, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e nas Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026, na LRBRL, na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, e na LDG.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do acordo, a través da Comisión de seguimento establecida na cláusula sétima. En caso de non ser posible unha solución amigable e resultar procedente un litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.



Anexo I



Expediente núm.: 782/2026

Procedemento: Solicitud de subvención.

PRESUPOSTO:

ESCOLA DEPORTIVA DE PATINAXE EN FORCAREI

Clases de patinaxe artístico no CEIP Nosa Señora das Dores de Forcarei:

1 hora/semana x 22 semanas = 22 horas

22 horas x 89,78 €/hora = 1.975.- €

As clases impartiranse os xoves de 15:45 a 16:45 de xaneiro a xuño de 2026.

BELEN CACHUEIRO ANTA (1 para 1)
ALCALDESA
Data de Sinalura: 12/06/2026
HASH: d5338818c1e8a877d6ee571b3bc0e21



Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): PQATWT4G7TTVL4OJ

